



NÚMERO 12/19

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE AGOSTO DE 2019.

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e nove de agosto de dous mil dezanove, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os/as sres./sras. concelleiros/as D^a. María Pilar Taibo Fernández, D. Xosé Fernando Fariña Andrade, D^a. Rebeca Mouriño Neira, D. Francisco Xosé Montouto Pérez, D^a. Ana Paola Mondaca González, D^a. María Soraya Salorio Porral, D^a. María José García Freire, D^a. María Carmen Pose Varela, D. José Luis Tellado Villares, D. Manuel López Losada, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. María Pardo Fafián, D^a. Isabel Reimúndez Suárez, D^a. Laura Rodríguez Pena, D^a. María Nogareda Marzoa e D. Breogán Blanco González, asistidos polo Secretario Accidental da Corporación, D. Juan Esteban Méndez Leiva. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta da sesión anterior, núm. 11/2019.-

No apartado de rogos e preguntas realízanse dúas observacións:

1ª) A sra. Pardo Fafián, en relación á pregunta realizada ao sr. Alcalde sobre cal é a dotación de efectivos no Corpo da Policía Local de Sada no servizo ou quenda nocturna, e se existe un problema de seguridade cidadá no Concello de Sada, quere salientar que foi ela e non o sr. Alcalde quen dixo que os presuntos autores do roubo foron detidos en Ferrol pola Garda Civil.-

2ª) O sr. Tellado Villares, en relación ao rogo presentado polo Rexistro Xeral o 9 de agosto de 2019 (registro de entrada núm. 5602/2019) pola sra. Salorio Porral no que solicitaba que se informase ao Pleno da actualización das asignacións aos Concelleiros e Concelleiras sen dedicación en proporción á actualización das asignacións aos Concelleiros e Concelleiras con dedicación, quere salientar que igualmente solicitara que se informase ao Pleno das retribucións correspondentes aos grupos políticos.-

Feitas estas dúas observacións, apróbbase por unanimidade a acta da sesión anterior, núm. 11/2019, do 13 de agosto de 2019.-

2º.- Modificación créditos 26/2019. CE 03/2019.-

O sr. Montouto comeza sinalando que se trae a Pleno unha modificación do orzamento en vigor para incorporar do remanente de tesoureiría os fondos precisos para a expropiación do “Espazo libre das Brañas Fase I”, que son os terreos máis próximos ao núcleo urbano de Sada, dende o Xulgado de Paz ata o pavillón municipal. Aprobado o Plan Xeral o Concello de Sada está obrigado a executalo, obtendo os terreos dotacionais que estean previstos nos mesmos, obtención que é un obxectivo prioritario, para afectalos aos usos dotacionais previstos no PXOM, e para a preservación e posta en valor cos usos permitidos no Plan de usos do espazo natural de interese local das Brañas, así como no Plan Especial das Brañas. Inmediatamente traballarán no Plan de Conservación, xa que teñen dous anos. Trátase dunha expropiación prevista no primeiro cuatrienio, sendo a expropiación o sistema para a obtención deste sistema dotacional. Gustaríalle que fora aprobado por unanimidade por tratarse da posta en valor das Brañas.-

A sra. Bolaño Fariñas está de acordo que, aprobado o PXOM, é preciso cumprilo, pero tamén que é preciso igualmente contar cun orzamento para saber cal vai ser a organización e os proxectos dun concello durante todo o ano 2019. Dá lectura ao informe de Intervención sobre a regra de gasto e o superávit sobre a utilización de gasto non financeiro con ingresos financeiros. Están a favor de dignificar o espazo das Brañas, para que sexa un espazo público, de lecer, pero consideran que os proxectos deben levar detrás uns orzamentos feitos con sentido. Polo que anuncia que o seu grupo se absterá, porque a responsabilidade financeira e económica do Concello tamén é responsabilidade do Goberno.-

A sra. Salorio Porral anuncia que o seu grupo vai aprobar este punto, porque en orixe o espazo libre das Brañas xorde da súa iniciativa, dado que en xullo de 2017 presentaron unha moción que non superou a urxencia, sinalando a regulación do investimento con diñeiro público en terreos privados, para superar o déficit crónico de espazos libres en Sada, aínda que tamén pedían a apertura da canle norte a ceo aberto integrado no espazo libre. Engade que é unha das 23 accións previstas no primeiro cuatrienio, é a primeira iniciativa, pero tamén se prevén varios plans especiais de protección, varios plans especiais de dotacións e 23 plans especiais de ordenación. E de todos só se comezou a tramitación do relativo á legalización do edificio situado en Fiunchedo, con orde de derrubo. O lóxico sería ter comezado polo PEPID, ou redactar primeiro o proxecto de expropiación, para calcular o custe da mesma, sen a valoración estimativa que figura no PXOM. Consideran que non se creen a súa motivación, senón que lembra que existe un procedemento xudicial no Contencioso-administrativo, para repoñer o recheo do ano 2005, feito con diñeiro público en terreos privados. A raíz dunha denuncia dun concelleiro da



anterior Corporación ao seu portavoz e a ela mesma, cando dixeran que, co recheo, se tivera tapado un río das Brañas, polo que, para se defender, tiveron que pedir información a este concello e a Augas de Galicia, e ademais dunha inspección do recheo que se lle pediu a Augas. Dado que obtiveron a calada por resposta acudiron ao Valedor do Pobo, así como que recorreron a pasividade de Augas de Galicia ante o xulgado, que finalmente emitiu un informe, que xa figura nos autos do xulgado, no que concluíu que a obra realizada polo sr. Rodríguez Ares no 2005 no se axustou ao que fora autorizado. A denuncia do concelleiro foi arquivada sen máis, pero o recurso segue na xurisdición contencioso-administrativa. Reitera o seu voto a favor, porque facerse cos terreos nos que se gastou diñeiro dos veciños en 2005 é o xusto para todos, propietarios e veciños, e porque o paso necesario para restituír a canle tapada, e repoñer a legalidade o que lles aproxima á saída do ARPSI no que os meteu.-

O sr. Montouto replícalle que é verdade que o PXOM establece plans especiais, pero é verdade que non todos os plans especiais son de iniciativa pública, xa que algúns non son por cooperación, senón por compensación, sendo os propietarios que reúnan o 51% os que teñen a iniciativa para desenvolver o Plan Xeral, como tampouco é o Concello de Sada o que está a levar a iniciativa no PERI de Fiunchedo. Por outra banda, o plan de conservación que saía da declaración de ENIL vai determinar moitas das cuestións a facer no plan especial. En canto ao recheo recorda que existe unha sentenza do 10-12-2009 na que se acreditaba que se tivera retirado o recheo da zona protexida das Brañas, confirmada por outra sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, acreditándose polos técnicos municipais a reposición da legalidade urbanística, e non consta que o SEPRONA advirtise posteriormente de incumprimento da sentenza penal, polo que, logo daquel recheo no 2005, contra o que eles se manifestaron, consta que se repuxo a legalidade urbanística.-

A sra. Salorio Porral contéstalle que haberá máis plans especiais que non sexan de iniciativa municipal, pero haberá algún motivo para comezar polo de Fiunchedo. Dado que acaba de dicir que foi retirado o recheo, preguntalle se a situación actual das Brañas está igual que antes do recheo do 2005, e dille que non é así, e considera que o ENIL non ten nada que ver.-

Debatido o asunto, adóptase por 15 votos a favor (6 SM, 5 PP, 2 BNG e 2 AV), ningún voto en contra, e 2 abstencións (2 PSOE) o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 26/2019, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 149.352 €:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
151.60000	Urbanismo. Terreos	149.352,00
Total		149.352,00

Estado de ingresos:

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	149.352,00

2.- Disponer, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.-

3.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.-

3º.- POS+2019 Adicional 1/2019: CIRCULAR MAIOR ACHEGA AO POS 2019 (investimentos financeiramente sostibles): 2ª fase: Instalación colector pluviais Avenida Sada y Contornos, camiño Cemiterio ata Avenida do Porto.-

O sr. Alcalde sinala que se trata do POS Adicional 2019 polas baixas nas achegas dos últimos anos.-

O sr. Fariña Andrade comeza indicando que a obra se trata da instalación de tubaría de pluviais na Avenida Sada y Contornos, dende o Cemiterio de Fiunchedo ata a Avenida do Porto. Trátase dun separativo de augas pluviais e das fecais nun tramo da Avenida Sada y Contornos e no Camiño do Fiunchedo. Trátase dun colector a



cada marxe da Avenida Sada y Contornos, para chegar ao final da Avenida do Porto, onde nunha tubaría de maior diámetro se unirán para chegar á depuradora. Fala da Directiva marco para a necesaria protección do medio hídrico, por cuestións medioambientais, para a redución da contaminación, fomentar o seu uso sostible, protexer o medio acuático e mellorar a situación dos ecosistemas acuáticos, polo que esta obra mellora a redución do impacto tendo en conta os verquidos que se producen nos ríos e mares de todo o planeta; dende o punto de vista técnico esta obra supón subir outro chanzo na procura da optimización do saneamento do Concello de Sada, tanto no colector intermedio, como na propia pranta de tratamento, evitando os sobrecustes de mantemento, de bombas e de pozos de bombeo, coa mellora no consumo de enerxía, o menor desgaste dos bombeos, e a escorrentía por augas do concello produce un elevado desgaste das pezas e dos mecanismo dos grupos de bombeo, que arrastran elementos que producen erosións e outro tipo de materiais co conseguinte elevación dos seus custes e mantemento e de explotación. Remata salientando que se melloran os posibles desbordamentos que se puidesen producir nos colectores, debido ao exceso de caudal que, na actualidade, soportan en momentos puntuais de chuvias intensas, tratando de evitar posibles verquidos ao medio.-

A sra. Reimúndez Suárez anuncia o seu voto a favor.-

A sra. Bolaño Fariñas entenden que esa obra é necesaria, pero tamén é certo que neste POS houbo discrepancias entre o grupo municipal do PSOE e quenes conformaban o Goberno Municipal no anterior mandato, porque non foron consensuadas pola pluralidade de criterios, motivo polo cal se van abster. Diríxese ao Concelleiro delegado do servizo de Obras e Servizos e engade que hai unha gran cantidade de bombeos que hai en Sada en comparación coa súa superficie e cun concello limítrofe como é o de Oleiros, o que conleva que ocupan a un gran número de operarios, que non poden realizar outras tarefas, hai un número excesivo de bombeos, cun custe excesivo, e que non se poden atender todos cando xorden incidencias.-

A sra. García Freire salienta que completar e actualizar as infraestruturas municipais é necesario, tal e como aparecen no PXOM, despois de case dous anos, entre as que non figura a que inclúen neste punto da Orde do Día, e anuncia que non votarán a favor porque non consta no expediente aprobación do proxecto, nin a obtención dos informes sectoriais precisos, e como cada sesión plenaria, están sen informes pero deben votar. Pregúntase por qué engaden o camiño do cemiterio á Avenida Sada y Contornos, e resposta que pode ser pola proximidade do PERI en Fiunchedo, e para impedir o derrubamento do edificio de O Meu Lar, dado que é posible que se requira unha ampliación das infraestruturas nesa zona, dado que en vez de construcións unifamiliares se construíron vivendas plurifamiliares, e salienta que o enxeñeiro redactor do proxecto sexa o mesmo que no ano 2005 redactou o proxecto en 2005 do recheo das Brañas, ao sr. Rodríguez Ares, tratado no punto anterior. Lembra que pasaron case 14 anos sen que en Sada se acordasen del, e considera que se trata de legalizar asuntos dos seus anteriores socios de Goberno, polo que anuncia que o seu grupo se absterá.-

O sr. Alcalde remata matizando que está de acordo coa sra. Bolaño Fariñas, que os pozos de bombeo hai que melloralos, e que dotaron de saneamento puntos que deberían ter outro sistema, meteron nos 18 bombeos principais mellorando o seu mantemento e, para evitar o custe medioambiental, que poidan fallar en momentos determinados, e diríxese á sra. García Freire correxíndolle que a Circular da Deputación da Coruña esixe que, para a execución da obra, só é necesario pedir as autorizacións demaniais, e que foron solicitadas as autorizacións seguintes: á Axencia Galega de Infraestruturas, a Portos de Galicia, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.-

Debatido o asunto, adóptase por 10 votos a favor (6 SM, 2 BNG e 2 AV), ningún voto en contra, e 7 abstencións (5 PP e 2 PSOE) o seguinte acordo:

1.- Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Instalación de tubaría de pluviais na Avda. de Sada y sus Contornos e rúa do Cemiterio ata Avda. do Porto	225367,76	0	225367,76
TOTAL	225367,76	0	225367,76



Maior achega provincial asignada ao concello	443771,79
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	218404,03
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	225367,76

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.-

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.-

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.-

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.-

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.-

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.-

4º.- Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía.-

O sr. Montouto comeza sinalando que se trae a Pleno a adhesión do pacto dos alcaldes para o clima e enerxía, asumindo os compromisos da Unión Europea en materia de clima e enerxía, para o ano 2030, contribuíndo á axenda 2030, un chamamento universal promovido polas Nacións Unidas para acadar un mundo máis xusto e sustentable, que se concreta en 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable, os obxectivos 13 (acción polo clima) e 17 (alianzas para acadar os obxectivos de desenvolvemento sustentable); a adhesión deste pacto implicará o compromiso de ter un inventario de referencia de emisións para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático, implicará o compromiso de ter un inventario de referencia de emisións para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático, reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático, coa axuda técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, cun asesoramento individualizado tanto na elaboración do Plan de acción, como na súa implementación, e estarán en contacto co observatorio para solicitar as axudas que poidan mitigar a súa implantación.-

A sra. Rodríguez Pena refire que o BNG é unha forza política comprometida co medio ambiente e cos principios de sostenibilidade, polo que votarán a favor.-

A sra. Bolaño Fariñas anuncia que o seu grupo votará a favor e lembra que fai uns meses os xóvenes no mundo deron un exemplo cun movemento global en defensa do medio ambiente.-

A sra. Pose Varela indica que se están a producir cambios polas actividades humanas, polo que é preciso traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático. A Xunta de Galicia vai presentar o próximo 8 de outubro a estratexia galega para o cambio climático e enerxía 2050, que ten por obxectivo acadar a neutralidade enerxética de Galicia antes do ano 2050, coa implementación de enerxías renovables, o aproveitamento da absorción de CO2 polos montes galegos, a mellora da eficiencia enerxética en todos os sectores. O PP mediante unha proposición de lei de transición enerxética e cambio climático, presentada en xuño de 2018, propón como obxectivos nacionais a 2030 reducir a emisión de gases de efecto invernadeiro, aumentar as enerxías renovables e mellorar do aforro enerxético, obxectivos que deben ser recollidos en planes integrados de enerxía e clima, que se presentan á Unión Europea cada 10 anos, e que poden ser revisados e modificados se os compromisos internacionais ou europeos así o requiren. Inclúese que todas as Administracións Públicas destinen, como mínimo, un 20% dos seus orzamentos anuais nas actuacións con impacto positivo na loita contra o cambio climático, e en materia de fiscalidade aplica o principio de quen contamina, paga. Conclúe que o seu voto será favorable.-



Debatido o asunto, adóptase por unanimidade de votos a favor (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV) o seguinte acordo:

1.- A adhesión do Concello de Sada ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.-

2.- Facultar ao Alcalde/sa de Sada a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.-

Control de Órganos de Goberno:

5º.- Informes e comunicacións.-

O sr. Alcalde comeza indicando que o pasado día 23 foron presentadas as alegacións ao Plan de Transporte Metropolitano da Xunta de Galicia, solicitude de que: se conecte toda Sada cos campus universitarios; de que se conecten os polígonos industriais de Bergondo, de Espírito Santo e de Arco Iris cos núcleos de Soñeiro, Samoedo, O Castro e Sada, cunha liña que vaia por Fontán e suba ao centro de Saúde e volva por Bergondo, seguindo o mesmo percorrido que fixo á ida; que se melloren as frecuencias, e axustes nas diferentes liñas, que se conecte co CHUAC e cos diferentes hospitais da Coruña, e instan aos compañeiros/as alcaldes/as da área metropolitana a ter una interlocución directamente coa Xunta de Galicia.-

O sr. Alcalde esquécese de dar conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia no período comprendido entre o 02-08-2019 e o 23-08-2019, ambos incluídos, que por problemas informáticos lles foron remitidos nunha relación, e, a maiores, tamén recibiron cinco arquivos individuais.-

6º.- Mocións.-

O sr. Alcalde comenta que non consta que se tivera achegado no Rexistro Xeral moción ningunha.-

7º.- Rogos e preguntas.-

1ª) A sra. Bolaño Fariñas pregúntalle ao sr. Alcalde e a sra. Nogareda Marzoa en qué se situación se atopa a prestación do servizo de comedor no CEIP Sada y Contornos a escasos 13 días do comezo do curso escolar e fala de falta de transparencia inadmisíble.-

O sr. Alcalde respóndelle que o compromiso coa Xunta foi o 19 de xuño e logo foi enviado á Xunta, é un problema deles, están dispostos a asumir unha competencia da Xunta de Galicia, remitíronlles un convenio, cunhas condicións inferiores ás previstas, e ten que ir ao Consello de Xunta, e lembra que non o levaron o 7 de agosto, e a ver se vai o vindeiro 5 de setembro, se non vai ser imposible comezar o curso escolar.-

2ª) A sra. Bolaño Fariñas pregúntalle ao sr. Alcalde e a sra. Nogareda Marzoa se lles parece de recibo que as familias non teñan información.-

A sra. Nogareda Marzoa respóndelle que houbo unha circunstancia previa, antes da súa incorporación como concelleira delegada, e que o sr. Alcalde lle dixo que a xente estaba informada e que estaría pendente, de levalo ao Consello da Xunta e que, ata que non resulte aprobado, non se poden levar a cabo os seguintes trámites. Engade que ela si falou con director, porque era preciso facer obras, e lembra que hoxe sacaron unha nota de prensa conxunta, porque debe ser unha nota informativa igual tanto para a web municipal, como para a propia escola, e explica que se están a realizar os trámites para que o comedor escolar se inicie o antes posible e conclúe que ela si atendeu chamadas e lle deu resposta a quen llo solicitou. Adianta que na web da propia escola o director incluíu un formulario para coñecer cal pode ser o número de usuarios para que se anoten, porque iso pode modificar certos condicionantes, porque igual non están todos os que estaban ou igual hai que baremar.-

O sr. Alcalde refírese, falando de transparencia, que de todas as novidades inmediatamente se enteran o director e o presidente da AMPA.-

A sra. Bolaño Fariñas comenta que as familias usuarias non tiveron coñecemento.-

A sra. Nogareda Marzoa respóndelle que as familias usuarias que preguntaron tiveron resposta e anuncia que se farán comunicados, e que, como era agosto, mandou comunicados pero entendeu que a xente estaba de vacacións.-

3ª) A sra. Bolaño Fariñas pregunta pola reforma do pavillón municipal que era tan urxente no anterior mandato e no presente, despois de tres sesións plenarias, non se saiba nada.-

4ª) A sra. Bolaño Fariñas pregúntalle ao sr. Montouto Pérez en relación co bando remitido en plenas festas de que entre ás 18:00 e as 19:00 horas as atraccións non terían música, cómo é posible que outros eventos organizados polo Concello de Sada tivesen música nesa mesma franxa horaria, e como é posible que o resto de eventos nocturnos superen en decibelios.-

5ª) A sra. Bolaño Fariñas pregúntalle ao sr. Alcalde se é consciente de que cando visita un centro escolar con motivo dalgún evento, con menores de idade alí presentes, non pode gravalos e moito menos reproducir eses vídeos no seu Facebook, sen autorización dos seus pais.-

6ª) A sra. Pardo Fafián pregúntalle ao sr. Fariña Andrade polo rogo presentado na anterior sesión plenaria, relativo ao mantemento da rúa da Praia, na que fixeron algún mantemento, pero o pasado domingo, 25 de agosto, o alumeadado



estivo encendido todo o día, e sobre ás 22:00 horas apagouse, polo que chamou á Policía Local e ás 22:30 horas lle contestaron, non así o luns e o martes, que non houbo patrulla; estaba avisada a empresa de mantemento, pero non a arraxaron, e lémbrale que esa rúa ten bolaridos cortantes, fochancas, palmeiras que non foron podadas, etc., sendo un perigo para as persoas que pasaban por alí; cando se vai tomar algunha medida en relación coa rúa da Praia.-

1º) A sra. Pardo Fafián rógalle á sra. Mondaca González que, en relación ás dúas preguntas formuladas na anterior sesión plenaria, dado que non obtivo resposta, e que o 20 de agosto presentou por Rexistro unha solicitude de acceso aos diferentes expedientes das festas, informes previos e finais da empresa de prevención e informe dos técnicos municipais, e dos expedientes de concesión de licenza para a instalación de atraccións de feira, e que onte lle facilitou una certificación acústica, na que non se teñen en conta as barracas da feira, e o informe previo da empresa de prevención; se conteste a todas as preguntas efectuadas na anterior sesión plenaria á sra. Mondaca González e ao sr. Montouto Pérez.-

O sr. Montouto Pérez comenta que a resposta ás preguntas que lle fixera a sr. Pardo Fafián foron introducidas no buzón no día de onte.-

A sra. Pardo Fafián sinala que é obrigado comunicarse electrónicamente cos membros da Corporación e pasar iso teñen unha dirección de correo electrónico.-

O sr. Montouto Pérez respóndelle que así o fará.-

O sr. Alcalde coméntalle que igualmente a resposta á pregunta da Policía Local foi respostada e introducida onte no buzón do PSOE.-

2º) A sra. Bolaño Fariñas rógalle ao sr. Alcalde que tomen nota sobre as recomendacións feitas por Protección Civil en relación coa cor das bandeiras.-

3º) A sra. Bolaño Fariñas rógalle ao sr. Alcalde que, en relación coa web municipal, que conteña as instalacións educativas e cos enlace dos mesmos e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.-

1ª) O sr. Tellado Villares pregúntalle ao sr. Alcalde se a campaña de resultados negativos nas praias de Sada se debe á reparación dos pozos de bombeo que están a realizar.-

O sr. Alcalde respóstalle que polas análises feitas non semella, debido a que non se reparou ningún bombeo no río Maior e é o río Maior na zona das Brañas o que está a dar problemas.-

1º) O sr. Tellado Villares rógalle que, en relación ao acceso de información instada o pasado 19 de agosto, da que hoxe lle deixaron ver unha carpeta, pola que un concelleiro do seu anterior goberno está exercendo una actividade pública sen ter a documentación completa; que lle dea acceso ao expediente dixital o luns pola mañá, e que incluía no expediente a acta da Policía Local, que foi requirida polo sr. Montouto Pérez.-

O sr. Montouto Pérez coméntelle que tivo coñecemento de que un exconcelleiro non tivera realizado a comunicación previa de obras e de actividade, e que mandou á Policía Local para saber se existía algún título habilitante, e sabe que se achegou unha solicitude para a transmisión da licenza anterior, da que se lle fixo un requirimento de subsanación de deficiencias.-

2º) A sra. García Freire rógalle ao sr. Alcalde que, se limpe o litoral sadense, no que hai briks, latas cartóns, etc., que van caendo ao mar, ao igual que os restos dos fogos artificiais, que tome as medidas necesarias e urxentes xa para mantelo en perfecto estado de limpeza.-

O sr. Montouto Pérez respóstalle que trasladarán esa apreciación que lles fai ao ente Portos de Galicia, quer teñen un propio servizo de limpeza.-

O sr. Alcalde aproveita para convidar que mañá se celebrará una xomada no Salón de Plenos sobre a limpeza do mar.-

A sra. García Freire pide que non se escude para todo na Xunta de Galicia e no PP.-

3º) A sra. Salorio Porral rógalle que, en relación á Comparecencia no Procedemento Ordinario 0000752/2019 sobre a restitución da propiedade do Pazo de Meirás, que foi á anterior sesión plenaria, e na que votaron en contra, porque non había informes, e que en relación ao informe xurídico que tiveran solicitado, que non se fixo, por non existir obriga, pola representación que ten actualmente o grupo municipal do PP; lembra que, posteriormente, o 23 de agosto, pediron acceso á demanda, que o Alcalde e o Secretario Accidental dicían que viran, no día de hoxe recibiu unha comunicación electrónica de que se indica que o concello non dispón da demanda interposta pola Avogacía do Estado, por estar pendente de personamento; polo que roga que non se diga o que non é.-

O sr. Montouto Pérez dille que agosto é un mes inhábil no xulgado para poder facer o personamento, mandouse á procuradora e ao avogado para que tomase nota do contido da demanda, pero non lle poden dar unha copia da demanda, dado que aínda non están personados nese procedemento.-

2ª) A sra. Salorio Porral rógalle, en relación cos cargos electos do Concello de Sada, que non exista un diferente trato: así no mandato 2015 – 2019 a sociedade Monicreque, S.L., emitiu e cobrou 7 facturas e participou na feira do libro, cun posto, cando un concelleiro do BNG dese goberno, indicara na súa declaración de intereses que é un socio fundador e cun 25% de participación, namentras que no anterior mandato, 2011 – 2015, Salorio Porral, S.L., non



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

Secretaría: Acta do Pleno
Sesión núm. 12/19/P-19082912-7
Expte. núm. 2019/G010/000014

cobrou 2 radiadores que mercara a súa empresa, para colocar na EIM de Mondego, por tratarse dunha avaría sobrevida, e que a súa empresa nunca puido cobrar esa factura, por coincidir o proveedor coa concelleira que fixo o pedido; e se existiu algún reparo de Intervención nos anos 2016, 2018 e 2019 a Monicreque, S.L., como a tivo en 2012 Salorio Porral, S.L.; cómo se salvaron; qué se pretende ocultar non remitindo as Contas deses exercicios ao Consello de Contas; existen reparos de Intervención de difícil explicación; onde está a transparencia da que presume o sr. Alcalde; á maior brevidade posible anuncia que mañá pedirán por Rexistro de entrada: copia do informe de Intervención relativo ás resolucións e os acordos relativos aos reparos dos expedientes por omisión do trámite de fiscalización previa, que forman parte parte da documentación a remitir anualmente aos Consello de Contas de Galicia dos exercicios 2014, 2015, 2016 e 2017.-

Non habendo outros asuntos que tratar, sendo as vinte e una horas e dez minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario Accidental, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario Accidental que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-

Url: https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html